



Memoria xustificativa do Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Consellería de Medio Rural a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Avión para fomentar o mantemento e conservación da contorna agroforestal mediante a dotación de medios técnicos

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento.

As funcións de Agader aparecen recollidas na lei de creación (disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro), posteriormente modificadas polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996, e a Lei 5/2000 (*DOG* núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (*DOG* núm. 250, do 30 de decembro). De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da Axencia están a de promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.

Por outra banda, e segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (*DOG* núm. 235, de 11 de decembro), a Dirección Xeral de Defensa do Monte é o órgano superior e de dirección da consellería ao que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Tendo en conta este marco competencial, o 4 de decembro de 2020 formalizouse o instrumento convencional arriba referido entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Avión, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o 31/12/2021.

O convenio instrumenta a concesión dunha subvención directa, con fundamento no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O carácter singular da actuación, así como as razóns que acreditan o interese público e social, derivan da importancia da conservación das infraestruturas rurais como elemento vertebrador e xerador de cohesión social e territorial, e no propio valor que o medio rural galego desempeña para o conxunto da sociedade, que se ve ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando tanto á súa riqueza ambiental e paisaxística como ás actividades agroforestais que se desenvolven.

A política de defensa do medio rural contra os incendios, pola súa vital importancia para o país, non pode implementarse de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, comprometendo a todas as administracións ás persoas propietarias de terreos forestais, aos agricultores e agricultoras, as





comunidades de montes veciñais en man común, á sociedade do medio rural e en xeral ao conxunto da cidadanía. Tanto a actuación preventiva na loita contra incendios, como o mantemento e conservación das infraestruturas municipais de comunicación, esixe contar cos medios técnicos necesarios. En particular, é necesario que os concellos conten con vehículos tractores e apeiros rozadores para os labores de limpeza para dar cumprimento aos obxectivos descritos.

Con este horizonte, a dirección xeral de Agader aprobou o Plan específico para fomentar o mantemento e conservación da contorna agroforestal mediante a dotación de medios técnicos aos concellos-2020, que prevé a selección de 9 concellos en base ao cumprimento dunha serie de requisitos e condicións obxectivas, resultando o Concello de Avión un dos que cumpría cos condicionantes establecidos.

Tendo en conta o anterior estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Agader
(asinado dixitalmente)
Inés Santé Riveira

